



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE, Secretario xeral do Concello de Riveira (A Coruña),

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 29 de novembro do 2018, aprobou o seguinte acordo:

Ref.: Secretaría Xeral/xgl/v.o.l.

APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE QUE REXERÁN NA SELECCIÓN DAS OPERACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (EDUSI) DE RIVEIRA "MÁS RIVEIRA ATLÁNTICA 2020" (MRA2020)

Vista a **proposta** do Concelleiro Delegado de Benestar Comunitario, Persoal, Manuel Emilio Pérez Outeiral, de data 28/11/2018, na que expón:

"Visto que o 14 de decembro, 2016, publicouse no BOE a resolución definitiva de 12 de decembro, de 2016, da Secretaria de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias para o Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas polo POCS FEDER 2014-2020 efectuada pola Orde HAP /2427/2015 de 13 de novembro, resultando seleccionada a Estratexia Integrada de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrada formulada polo Concello de Riveira, chamada de "Máis Riveira Atlántica 2020 (MRA2020)" cunha axuda de 5.000.000 euros, que permitirá a posta en marcha de accións de rexeneración urbana a través dunha visión integrada que inclúe aspectos económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais.

Estas axudas concedéronse de conformidade co artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de Subvencións Xerais e revestirán a forma de subvencións. As entidades beneficiarias aceptaron a inclusión da entidade na lista de beneficiarios publicada de conformidade co artigo 115, apartado 2, do Regulamento (CE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013. As entidades beneficiarias deberán cumprir cas disposicións sobre información e publicidade establecidas no anexo XII do Regulamento (CE) 1303/2013 "Información e Comunicación sobre o apoio procedente dos Fondos".

Así o Concello Riveira como entidade beneficiaria da EDUSI Máis Riveira Atlántica 2020, seleccionará as operacións que se integrarán dentro das distintas liñas de actuación da estratexia, actuando como Organismo Intermedio Lixeiro (OIL).

No desenvolvemento das atribucións asignadas á Entidade DUSI como Organismo Intermedio Lixeiro das axudas do POCS do FEDER, o Concello de Riveira elaborou un Manual co obxecto de recoller os Procedementos establecidos para a realización das funcións delegadas pola Autoridade de Xestión no referente ás Actuacións cofinanciadas polo POCS FEDER no período de programación 2014-2020 dentro da súa Estratexia DUSI "Máis Riveira Atlántica 2020".

(...).

E na que propón:





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

“A aprobación das Bases da Convocatoria de Expresións de Interese que rexerán na selección das operacións da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Riveira "Más Riveira Atlántica 2020" (MRA2020)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar as Bases da Convocatoria de Expresións de Interese que rexerán na selección das operacións da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Riveira "Más Riveira Atlántica 2020" (MRA2020)", a través da liñas de actuación que constan na citada proposta.

Para que conste, expido a presente coas reservas do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Riveira, na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.-

Visto e praxe,

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

